

PUBLICACIÓN RESULTADO PROCESO SELECTIVO COMO FUNCIONARIOS, POR QUENDA LIBRE, DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA DA POLICIA LOCAL, GRUPO C1.

Conforme as Bases da convocatoria, unha vez finalizado o proceso, o tribunal elaborau por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas, propostas para o seu nomeamento, como funcionarios en prácticas, co seguinte detalle:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	Nº
LOBELOS	LIÑEIRO	AARON	1º
MARCOS	PÉREZ	DAVID	2º

Así mesmo, o órgano de selección elaborou, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes, na que figura aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza, co seguinte detalle:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	Nº
FERNANDEZ	ARRESTO	MIGUEL	1
RODRIGUEZ	CORRAL	ANDREA	2

A partir do día seguinte ao desta publicación da adxudicación das prazas, as persoas que resultasen aprobadas dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para achegar a documentación que acredite o completo cumprimento dos requisitos que se esixen no epígrafe “2. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES” das bases, que non fosen achegados previamente durante o proceso ou, no seu caso, non estivesen ao dispor da administración actuante ou a persoa interesada non autorizase que accedese e aplicase os datos ao proceso na forma que establece a base 5., e a necesaria para o seu nomeamento como funcionarios/as en prácticas que lles sexa requirida.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela deducísese que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes aprobadas serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución de alcaldía que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP). As persoas así nomeadas permanecerán na devandita situación desde o comezo do curso selectivo (02/01/2026) ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevinda ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello substituirá á persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

O TRIBUNAL